



Amal x Palestina

→ OLEIROS → A Fábrica

→ 19 — 21 de setembro

PROGRAMACIÓN



→ Amal x Palestina

AMAL x PALESTINA é un proxecto da 'Fundación Araguaney-Puente de Culturas', unha entidade sen ánimo de lucro nacida en Santiago de Compostela no ano 1984 e cuxa misión principal é o achegamento cultural entre Oriente e Occidente, en concreto, entre o mundo árabe, Latinoamérica e España.

A edición de 2025, AMAL X PALESTINA aborda principalmente a identidade, a resistencia cultural e as realidades sociais dos países árabes. Baixo o lema "Existir é resistir," a programación céntrase na resistencia do pobo palestino e noutras historias de resiliencia en contextos de conflito e migración. Os filmes desta edición exploran a situación de Palestina e a súa xente, unha realidade que transcende o contexto actual e se remonta a 1948, cando deu comezo un conflito histórico que marcou profundamente a vida de millóns de persoas.

Estas películas ofrecen unha visión profunda das experiencias dos palestinos, tanto dentro dos seus territorios como na diáspora, explorando temas como a ocupación, o desarraigo, a perda de terras e a constante loita pola preservación da identidade cultural. A través de relatos que mesturan ficción e documental, os filmes reflexionan sobre as consecuencias sociais e políticas deste conflito, amosando ao mesmo tempo a resiliencia, a creatividade e a esperanza dun pobo que segue resistindo fronte ás adversidades e reivindicando o seu dereito a existir.

O carácter itinerante da mostra ten como obxectivo achegar á sociedade a cultura árabe a través do cinema, ofrecendo unha visión ampla e multidimensional desta realidade tan heteroxénea. Un proxecto que hoxe é máis necesario que nunca, porque o coñecemento do 'outro' favorece o entendemento e o respecto mutuo, dous elementos fundamentais para avanzar na tolerancia e no progreso entre os pobos, algo que AMAL X PALESTINA canaliza a través da cultura audiovisual.

A Fundación Araguaney-Puente de Culturas converteuse ao longo das súas máis de catro décadas de existencia nun referente da vangarda audiovisual e do debate social en Galicia, así como nun exemplo de integración cultural, destacando entre as súas actividades a Semana de Cinema Euroárabe AMAL -a máis antiga de Europa-. Dende 2008 a Fundación é membro da Alianza Global para a Diversidade Cultural da UNESCO.

Amal x Palestina

→ OLEIROS

PROGRAMACIÓN

AMAL X PALESTINA 25 consta de 3 longametraxes (dúas ficcions e un documental) que supoñen un percorrido polo mellor cine palestino da actualidade. Tódalas películas teñen un considerable recoñecemento nos principais festivais de cine internacionais.



→ Venres 19 de setembro → 20:00h. → A Fábrica

The Teacher

Farah Nabulsi | 2023 | Palestina | 115'

FIC

Un profesor palestino enfrontase á devastadora realidade do conflito en Gaza mentres trata de inspirar aos seus estudantes a través da educación. A película retrata, cunha mirada íntima, o choque entre o idealismo e a brutalidade cotiá onde o ensino convértese nun acto de resistencia.

Premios

2023 - Best International Film - Galway Film Fleadh
2023 - Audience Awards - San Francisco International Film Festival
2023 - Audience Award - Washington DC International Film Festival
2023 - Audience Award - Brooklyn Film Festival
2023 - Best international Film - Galway Film Fleadh
2023 - Jury Award - Red FF Sea
2023 - Saleh Bakri's, Best Actor Award - Belgrade Film Festival
2024 - Audience Award - Arab Film Festival Rotterdam
2024 - Best Actor - Casablanca Arab Film Festival
2024 - Winner Grand Prix - Fameck Film Festival
2024 - Audience Award - Cyprus Film Days International Festival
2024 - Audience Award Winner - Kosmorama



→ FARAH NABULSI

Farah Nabulsi é unha directora palestino-británica defensora dos dereitos humanos. Foi nomeada aos Oscars e gañou un premio BAFTA pola súa curtametraxe *The Present* no 2021. Fundou unha productora a través da cal escribe, produce e dirixe as súas filmes de ficción, explorando temas que lle importan.



→ Sábado 20 de setembro → 20:00h. → A Fábrica

To a Land Unknown


FIC

Mahdi Fleifel | 2024 | Grecia, UK, Palestina | 105'

Chatila Chatila e Reda, de orixe palestina, son dous curmáns que remataron vivindo nos suburbios de Atenas buscando unha vida mellor. No intento de aforrar diñeiro para pagar os pasaportes falsos e mudar a Alemaña, Chatila trama un plan extremo que consiste en facerse pasar por traficantes e tomar reféns no esforzo por sacalo a el e ao seu curmán dunha contorna sen esperanza antes de que sexa demasiado tarde.

Premios

2024 – Candidata a Mejor Película – Festival de Cannes, Francia
2024 – Premio de la Audiencia – Shanghai
2024 – Premio del Jurado – Mediterrane Film Festival
2024 – Premio a Mejor Película – Galway
2024 – Premio del Público – Taormina Film Festival



→ MAHDI FLEIFEL

Mahdi Fleifel é un cineasta palestino que reside en Londres. Naceu en Dubai, creceu no campo de refuxiados de Ain El-Helweh (O Líbano) e nas aforas de Elsinore (Dinamarca). Graduouse na Escola Nacional Británica de Cinema e Televisión en 2009. O seu coñecido documental, *A World Not Ours* percorreu o gran circuito de festivais e obtivo numerosos premios, entre eles o Premio da Paz da Berlinale, o de Mellor película en Edimburgo e o Gran Premio en Yamagata.



→ Domingo 21 de setembro → 12:00h. → A Fábrica

Bye Bye Tiberías

DOC

Lina Soualem | 2023 | Palestina, Bélxica, Francia | 82'

Anos despois de deixar a súa aldea palestina para emprender unha carreira de actriz en Francia, Hiam Abass regresa a casa coa súa filla neste documental íntimo sobre catro xeracións de mulleres e o seu legado compartido de separación.

Premios

2024 – Premio Mellor Longametraxe – Fest. de Cine Africano
2024 – Premio do Xurado – Festival de Cinéma En Ville, Bélxica.
2024 – Premio Mellor Documental – Dublin International Film Festival, Irlanda.
2024 – Premio Mellor Longametraxe Documental – Atenna Documentary Film Festival, Australia
2023 – Premio do Xurado – Festival Int. du Film de Marrakech, Marrocos.
2023 – Premio do Público – FIFAM Festival International du Film d'Amiens, Francia.
2023 – Premio Ulysse Decipro – Cinemed, Francia.



→ LINA SOUALEM

Cineasta e actriz franco-palestina-alxerina, Lina Soualem é licenciada en Historia e Ciencias Políticas pola Universidade da Sorbona. Soualem dirixiu os multipremiados filmes *Their Algeria* (2020) e *Bye Bye Tiberias* (2023), o cal foi elixido para representar a Palestina nos Óscar de 2024.

Amal x Palestina

→ OLEIROS → A Fábrica

→ 19 — 21 de setembro

